

BENACH, J.; MUNTANER, C.; TARAFÁ, G. e VALVERDE, C. (2012)
La sanidad está en venta. Y también nuestra salud.
Barcelona, Icària, 111 pp.

María del Pilar Millor Arias

Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

1. A monografía a que dedico este comentario expón con nitidez un tema que preocupa á práctica totalidade da cidadanía española: o mantemento do estado de benestar que alcanzamos despois de loitar e loitar tantos anos, en concreto no tocante á asistencia sanitaria pública. Os autores, docentes comprometidos coa sociedade en que viven, ben coñecedores da situación en que se atopa a sanidade pública española, non son falabraratos nin andan con panxoliñas. Son críticos de principio a fin, ou mellor, moi críticos, co acoso e o desmantelamento que está a sufrir o noso sistema sanitario.

2. A obra está estruturada en cinco capítulos divididos á súa vez en varios apartados, cada un deles acompañado de referencias bibliográficas, para alén das que figuran ao final do libro xunto con outras videográficas e enderezos web de colectivos e movementos sociais. Nas súas páxinas, dunha perspectiva actual xeral e española, analízase a situación legal e o dereito da cidadanía á sanidade e á saúde.

– No primeiro capítulo, *Salud solo para algunos*,ponse de manifesto como os cambios en materia de saúde xeraron importantes desequilibrios, e non é casual que comece co fracaso dun soño... No segundo, titulado *La salud pública, mucho más que la atención sanitaria*, analízanse o alcance e a natureza do que é a saúde pública, así como a obriga contraída polos poderes públicos nesta materia, a través do significado da expresión «saúde de todas as persoas», os determinantes sociais da saúde e a equidade, independentemente das cuestións ideolóxicas, aínda que tamén teñan algo que ver niso.

– No capítulo terceiro, rotulado *La sanidad pública, un logro colectivo que no podemos perder*, explícase como as loitas sociais permitiron obtermos unha sanidade pública universal, ben como os motivos polos que a sanidade privada resulta peor para a saúde. No capítulo cuarto, *Golpes de estado sobre la sanidad*, faise unha crítica severa da contrarreforma neoliberal sobre a sanidade pública, que leva a unha sanidade discriminatoria e inxusta, unha para ricos e outra para pobres.

– Por último, o capítulo quinto, baixo a epígrafe *Retomar la salud en nuestras manos*, comeza coa aseveración de que o silencio e a pasividade son nocivos para a saúde. Fai un chamamento a que os cidadáns tomemos conciencia dos nosos dereitos e pasemos á acción, sen medo e pensando tanto en nós mesmos como nas xeracións futuras.

3. Como conclusión sinalaría que esta monografía pretende dar solucións na procura da recuperación da sanidade perdida. Isto, cun enfoque de diálogo, consenso e democracia participativa, co fin de demostrar o poder que a cidadanía organizada pode ter fronte á continua perda de dereitos, neste caso o da saúde, que estamos a padecer.